

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dez de febreiro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once horas deuse inicio

á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 30 de xaneiro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

— Souto Rey S.L.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 13 de outubro de 2025 (RE-E núm. 637), coas seguintes características:

DATOS DA ANTERIOR TITULAR

RAZÓN SOCIAL	EXPLOTACIONES PORCINAS ACHACÁN S.C.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE ACHACÁN, PARROQUIA DE SANTA MARIÑA DE PESCOZO
REPRESENTANTE	MÓNICA GONZÁLEZ VARELA
DNI	██████████

DATOS DA NOVA TITULAR

RAZÓN SOCIAL	SOUTO REY S.L.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	SILLEDA
REPRESENTANTE	DANIEL SOUTO REY
DNI	██████████

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN DE PORCINO
LUGAR	ACHACÁN
PARROQUIA	SANTA MARIÑA DE PESCOZO
REFª CATASTRAL DAS PARCELAS	36047A060003130000PL 36047A060003150000PF 36047A049001330000PH 36047A049001360000PB 36047A049001370000PY
TÍTULOS HABILITANTES URBANÍSTICOS	NON CONSTAN NO EXPEDIENTE
TÍTULOS HABILITANTES DA ACTIVIDADE	SI (RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS 08/07/98, 09/07/98, 16/09/98 E 22/10/02)
AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA	████████████████████
NÚM. INSCRICIÓN REAGA	██████████

Debidamente informados/as de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no artigo 20 do Decreto

144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obrigaón legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

3.- APROBACIÓN DE ADDENDA DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO PARA DAR CONTINUIDADE AO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 9 de febreiro de 2024, foi aprobado o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA DAR CONTINUIDADE AO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS.

O contido da addenda refírese á comunicación recibida da Deputación de Pontevedra de estar en tramitación nese ente provincial unha prórroga adicional de dous anos do contrato coa empresa Automociones Catoira S.L. para continuar prestando o servizo e, dado que a vixencia do convenio expira proximamente, faise necesaria a tramitación da súa prórroga.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación á ADDENDA DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA DAR CONTINUIDADE AO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS, co contigo íntegro que se sinala no anexo ao presente acordo.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas da addenda ao Convenio e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine a addenda ao Convenio e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

ANEXO

ADDENDA DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA DAR CONTINUIDADE AO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS

REUNIDOS

Don Luis López Dieguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

D./Dña., en representación do Concello de, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as dúas partes interveñen no exercicio das competencias que lle están legalmente atribuídas, recoñecéndose reciprocamente capacidade legal necesaria para obrigarse, e en especial para formalizar o presente Convenio e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. A recollida de vehículos abandonados e a súa posterior xestión é unha competencia propia dos Concellos de acordo co disposto, entre outros, no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no artigo 12 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, no artigo 9 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, ou no artigo 106 do Real Decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Tráfico.

Segundo. Pola súa banda, a Deputación Provincial de Pontevedra ten entre os seus fins garantir a prestación integral e adecuada en todo o territorio da provincia dos servizos de competencia municipal, así como dar soporte aos Concellos na tramitación de procedementos administrativos e na realización de actividades materiais e de xestión, asumíndoas cando aqueles se lles encomenden. Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 36.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante LBRL), asumirá a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, en particular, a prestación do servizo de tratamento de residuos nos Concellos de menos de 5.000 habitantes.

Terceiro. En relación co seu ámbito competencial, a Deputación de Pontevedra, consciente da problemática existente neste eido, prestou nestes últimos anos o servizo de retirada de vehículos abandonados nos Concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes a través dunha empresa externa, previa adhesión dos Concellos a este servizo mediante a subscripción do oportuno convenio de colaboración

Cuarto. De conformidade co disposto na cláusula III do Convenio marco aprobado por Resolución Presidencial nº 2023008693, de 21.11.2023, "*O presente convenio terá unha duración de dous anos a contar desde a súa sinatura, prorrogable dous anos mais por mutuo acordo das partes, sempre que se prorrogue o contrato que rexe a prestación deste servizo.*"

Quinto. Estando en tramitación a prórroga por dous anos máis do contrato asinado o 12.03.2024 coa empresa Automociones Catoira S.L. e próxima a expirar a vixencia dos Convenios asinados no seu día cos 45 Concellos da provincia adheridos a este servizo, faise necesaria a tramitación da prórroga dos devanditos Convenios por un período de dous anos.

De acordo co anterior, e co obxecto de dar continuidade a este servizo de interese público, a Deputación de Pontevedra e os Concellos adheridos acordan a sinatura da presente addenda conforme ás seguintes,

CLÁUSULAS

Única. Acórdase prorrogar por dous anos o Convenio de colaboración asinado entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para dar continuidade ao servizo de retirada de vehículos abandonados, a contar dende a data na que se compren os dous primeiros anos da sinatura do mesmo por cada un deles, nos termos e co mesmo alcance que figura no seu clausulado.

En proba de conformidade, asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Luisa Ferreiro Blanco, traballadora laboral fixa do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade temporal, derivada de enfermidade común, con data 6 de febreiro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SILVIA PEREIRA GONÇALVES, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora María Luisa Ferreiro Blanco.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA ENTROIDO 2026” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

A Concellería-Delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia Entroido 2026*”, que se desenvolverá entre os días 16 e 18 de febreiro de 2026. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o período non lectivo de Entroido. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo rexeráse polas Bases reguladoras do Servizo de campamentos e conciliación do Concello de Rodeiro.
- ✓ A actividade desenvolverase nos días 16, 17 e 18 de febreiro de 2026.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de Rodeiro e con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 09:00 h. a 14:00 h. na primeira planta do antigo local sindical.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando as datas nas que acudirá. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente no programa Concilia só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.

- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade Concilia Entroido 2026 establécese entre os días 10 e 13 de febreiro de 2026 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres, poderanse inscribir ata completar as prazas existentes crianzas tanto empadroadas como non empadroadas no Concello.
- ✓ Fíxase un máximo de 20 prazas por cada día de actividade.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero e de outras formas de violencia contra a muller, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos, en situación de desemprego de longa duración ou unidades familiares nas que a nai soporte outras cargas familiares a maiores do coidado das crianzas. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitude ordenados de menor a maior renda.
- ✓ O prezo da actividade establécese en base á Ordenanza en vigor de servizos e actividades educativas. Deberase presentar xustificante do pago da actividade antes do inicio da mesma como requisito para poder acudir ao programa.

6.- RECOÑECIMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO

A/

Con data 30 de decembro de 2025 (RE núm. 2188) Don José Antonio Arias Deza, traballador laboral fixo do Concello coa categoría de operario de servizos diversos, presenta minuta asinada para o recoñecemento de oitenta (80) horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral durante o ano 2025. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2026, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de oitenta (80) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de febreiro de 2026.

B/

Con data 30 de decembro de 2026 (RE núm. 2186) Don Ezequiel Fernández Bardelás, traballador laboral fixo do Concello coa categoría de condutor do camión de recollida do lixo, presenta minuta asinada para o recoñecemento de oitenta (80) horas extraordinarias realizadas fóra da súa

xornada laboral durante o ano 2025. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2026, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de oitenta (80) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de febreiro de 2026.

C/

Con data 30 de decembro de 2026 (RE núm. 2189) Dona Laura Ulloa Diéguez, traballadora laboral fixa do Concello coa categoría de limpadora, presenta minuta asinada para o recoñecemento de oitenta (80) horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral durante o ano 2025. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2026, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de oitenta (80) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de febreiro de 2026.

7.- ACORDO SOBRE OS PREMIOS A REPARTIR NO CONCURSO DE CARROZAS E DISFRACES DO ENTROIDO 2026

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e a proposta do Sra. concelleira-delegada de Cultura, acorda establecer os seguintes premios para o concurso de carrozas e disfraces do Entroido 2026, a celebrar o vindeiro día 15 de febreiro do corrente en Rodeiro:

A/ CARROZAS – COMPARSAS

- 1º premio: 500,00 €
- 2º premio: 400,00 €
- 3º premio: 300,00 €
- 4º premio: 200,00 €

B/ GRUPOS ADULTOS

- 1º premio: 200,00 €
- 2º premio: 150,00 €
- 3º premio: 100,00 €

C/ GRUPOS MENIÑOS

- 1º premio: 200,00 €
- 2º premio: 150,00 €
- 3º premio: 100,00 €

D/ INDIVIDUAIS/PARELLA ADULTOS

- 1º premio: 100,00 €
- 2º premio: 75,00 €
- 3º premio: 50,00 €

E/ INDIVIDUAIS/PARELLA CRIANZAS

- 1º premio: 100,00 €
- 2º premio: 75,00 €
- 3º premio: 50,00 €

Asemade acordan por unanimidade conceder unha axuda económica para contribuír aos gastos de confección das carrozas ou comparsas, de ata un importe máximo de CENTO CINCUENTA EUROS (150,00 €), a favor de cada unha das carrozas ou comparsas participantes que, a xuízo do xurado, cumpran cuns mínimos estándares de calidade, agás as que resultaran premiadas.

Aos efectos do presente concurso establécense as seguintes definicións:

- ✓ Comparsa: Grupo mínimo de 8 compoñentes na categoría de infantil e 10 en adulto, disfrazados do mesmo tema, que realizan algún tipo de escenografía.
- ✓ Carroza: Grupo superior a 8 persoas sobre unha plataforma decorada.

8.- ACORDO DE GASTO

Por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acórdase a aprobación do gasto necesario para a celebración do concurso de carrozas e disfraces do Entroido 2026 o vindeiro día 15 de febreiro do corrente en Rodeiro. Ao descoñecerse de antemán o número de participantes e poder facer efectivo nese día o importe dos premios, acórdase por unanimidade ordenar ao Sr. tesoureiro que expida mandamento de pago a xustificar a favor da concelleira-delegada de Cultura Dona Xulia Dacal Juiz, por importe de TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (3.500,00 €), debendo dita concelleira presentar a conta xustificativa de gastos no Concello ao remate dos actos, para a súa aprobación na vindeira sesión a celebrar por este órgano.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 194,91 € E 65,55 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 26A/100 e 26A/99 (FACe).
- ARANZADI LA LEY S.A.U. 4.247,04 €
Por subscrición anual a base de datos xurídica, s/factura núm. V-FAC-REN+2026-RE/FV00002152 (FACe).
- MARCAXE DEZA S.L. 229,90 €
Por subministro de material de oficina, s/factura núm. 260024 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 44,04 €, 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-B6M0-032606, 28-B6DD-049153 e 28-B6DD-004333 (FACe).

- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 4,31 € E 1,15 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de xaneiro de 2026, s/facturas núm. 4004590455 e 4004574922 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 36,72 €
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 30,00 €
Por autoliquidación de taxa en concepto de permiso de obras en estradas provinciais, s/cargo.
- XUNTA DE GALICIA 127,06 €
Por reintegro parcial de subvención non xustificada (expediente TR351B-2021/5-5), s/requirimento.
- FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS 126,34 €
Por cota anual de pertenza á Federación, s/factura núm. RC/26-3270 (FACe).
- CONSULTORÍA ICAL S.L. 3.339,60 €
Por abono parcial do contrato de servizo para a actualización, informatización e peche contable do exercicio económico 2025, s/factura núm. 2026.20 (FACe).
- ALEJANDRA FERNÁNDEZ-GAGO LONGUEIRA 1.694,00 €
Por servizo de asistencia técnica en materia urbanística no mes de xaneiro de 2026, s/factura núm. Fn-2026-01-1CR.
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.800,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2026*” no mes de xaneiro de 2026, s/factura núm. 0026/0000004 (FACe).

- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM 1.700,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia Nadal Rodeiro 2025*”, s/factura núm. 926/0000001 (FACe).
- MAIS ESCOLA S.L. 2.040,00 €
Por servizo de reforzo puntual do persoal do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 26 (FACe).
- DURO E HIJOS S.L. 8.419,15 €
Por traballos de reparación do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 1F26/15 (FACe).
- PENELA S.C. 995,12 €
Por subministro de materiais para decoración de Nadal e cabalgata de Reis, s/factura núm. 2.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)